

DÍA DOS HUMEDAIS, 2017

En 1971, na cidade iraní de Ramsar, moitos países firmaron voluntariamente o convenio do mesmo nome, comprometéndose a velar pola conservación das zonas húmidas. Dende entón, tódolos 2 de febreiro, celébrase a nivel internacional o Día dos Humidais.

No Instituto, xa levamos máis de 20 anos facendo esta celebración porque en Ribadeo temos a sorte de contar coa Ría de Ribadeo, que é un humidal de importancia internacional tal e como avalan as numerosas figuras de protección coas que conta: Espacio RAMSAR, Zona ZEPA (Zona de Especial Protección para Aves), zona LIC (Lugar de Interese Comunitario), Reserva da Biosfera,.....

Para conmemorar esta data, sempre dedicamos algunha sesión de clase a falar da Ría e facemos unha saída cos alumnos de 4º ESO. Como a Ría de Ribadeo é un importante lugar de paso e invernada de aves que proveñen do norte de Europa, esa é sempre a principal finalidade: observalas. Aínda que este ano, o censo xeral baixou notablemente, podemos observar un bo número delas: limícolas como zarapitos e correlimos, zancudas como garzas, garcetas e espátulas e nadadoras como pato asubión, pato rabudo, ánade real, cormorán e gaivota chorona entre outras. Algunhas son asiduas da nosa Ría e outras levan pouco tempo invernando nestas terras pero non pasan desapercibidas. É o caso das aguias pescadoras, das que este ano hai tres exemplares, dous deles incluso bautizadas cos nomes de Panchita e Virgilia, e das que se sabe que proceden de Francia a onde volven cada primavera para reproducirse.

Outro aspecto importante da Ría no que tamén nos fixamos foron as grandes zonas de vexetación que se establecen en función da salinidade do esteiro. Na Enseada da Lieira, ó baixar a marea, apréciase un fondo de pradeiras mergulladas formadas por unha planta halófila chamada ceba ou herba do mar (*Zostera marina* e *Zostera noltii*) de gran extensión. A partir da Enseada de Vilavedelle, aparecen as primeiras franxas de vexetación subhalófila formadas por distintas especies de xuncos (*Juncus Gerardi*, *Juncus maritimus*...) e xa, a partir de Vegadeo, aparece a terceira gran comunidade vexetal formada por carrizos (*Phragmites australis*) con menor tolerancia á salinidade.

Tamén nos fixamos no alterada que está a vexetación de ribeira, onde predominan os eucaliptos e que unha vez máis están tratando de talar na marxe galega para evitar a pantalla que dificulta ver a ría e tamén reforestar con especies autóctonas que nunca deberan desaparecer.

Foi unha mañá francamente agradable, con sol e boa temperatura e coa marea empezando a baixar co cal podemos observar gran variedade de aves e disfrutar do espectáculo que nos ofrece a Ría no inverno. Esperamos que esta actividade sexa das que nos fan reflexionar sobre a importancia de conservar o noso patrimonio natural.